

Unha rúa nun porto lonxano¹

Unha rúa nun porto afastado do norte. As tabernas están ateigadas de mariñeiros e botan polas súas portas o bafo quente dos borrachos. Xentes de todo o mundo, cantigas a gorxa rachada, música de pianolas, moito fedor a sebo...

Un mariñeiro que fala francés tropeza cun mariñeiro que fala inglés. Os dous fanse promesas de grande amizade, cada un no seu falar. E, sen entenderse, camiñan xuntos, collidos do brazo, servíndose mutuamente de puntais.

O mariñeiro que fala francés e mais o mariñeiro que fala inglés entran nunha taberna servida por un home gordo. Queren perder o sentido xuntos para seren máis amigos. Quen sabe se despois, estando bébedos, poderán entenderse!

E, cando o mariñeiro que fala inglés xa non domina o seu corpo, comeza a cantar:

*Lanchiña que vas en vela,
levas panos e refaixos
para a miña Manoela.*


O mariñeiro que fala francés abre moito os ollos, abrázase ao compañeiro, e comeza tamén a cantar:

*Lanchiña que vas en vela,
levas panos e refaixos
para a miña Manoela.*

A-iu-hu-hu! Os dous mariñeiros eran galegos.

O taberneiro gordo viu saír os dous mariñeiros da taberna e pola súa faciana vermella escorregaron as bágoas. E despois dixo para si nun laio saudoso: *Lanchiña que vas en vela!*

Tamén o taberneiro era galego.



¹ Texto de Castelao, recollido na súa obra *Cousas* (1926). *lonxano → afastado
O texto está adaptado e normativizado para unha mellor comprensión.